

BASES DO SERVIZO DE PLAN MADRUGA CONCELLO DE CORTEGADA CURSO 2024-2025

Art. 1 Obxecto e Servizo de Conciliación

O obxecto destas bases é o establecemento das condicións de funcionamento e admisión do “Servizo de Plan Madruga 2024-2025”.

O “Servizo de Plan Madruga” desenvolverase nas instalacións do CEIP Otero Novas de Cortegada. Este servizo levarase a cabo todos os días no periodo lectivo escolar, no horario de 08:10 a 10:10 h.

Os destinatarios son os alumnos e alumnas do CEIP Otero Novas de Cortegada.

O número total de prazas será de 10. Podería ampliarse en caso de necesidade de conciliación, ata un máximo de 15 prazas.

Os criterios de preferencia para a adxudicación das prazas e na creación dunha lista de agarda son os seguintes:

- 1º) Que todos os membros da unidade familiar figuren empadroados no Concello de Cortegada.
- 2º) As unidades familiares onde ambos proxenitores estean traballando, e a súa xornada laboral coincida co horario do servizo.
- 3º) Neno ou nena con discapacidade igual ou superior ao 33%.
- 4º) Data de solicitude.

Unha vez esgotadas as prazas existentes crearase unha listaxe de agarda na que se inscribirá ós nenos/as por os mesmos criterios de prioridade.

Art. 2 Prestación do Servizo

- a) Servizo de acollida e vixilancia dos escolares participantes.

As actividades que se leven a cabo relacionaranse con áreas lúdicas e socioculturais non indispensables para a consecución de obxectivos curriculares e facilitarán o desenvolvemento persoal e social dos nenos e das nenas.

Os nenos e nenas realizarán diferentes actividades segundo a idade e os intereses: actividades de carácter lúdico-didáctico, animación lectora, traballo persoal... Ademais, fomentaranse os valores do respecto e a colaboración.

- b) -A atención comprenderá o servizo de cociña, entendendo por éste o quentamento de alimentos. Serán aportados polas familias tanto o leite como

Concello de Cortegada

Rúa Otero Novas, 2, Cortegada. 32200 (Ourense). Tfno. 988 483 001. Fax: 988 099 021



os alimentos xa cociñados.

Art. 3 Beneficiarios/as

Serán beneficiarios/as do Servizo o alumnado escolarizado no CEIP Plurilingüe Otero Novas de Cortegada, cuxos país, nais ou titores legais soliciten a prestación do servizo, por causa da necesidade de conciliar a vida laboral e familiar.

Art. 4 Prezo dos Servizos

1. OPCIÓN 1. OPCIÓN “FIXO MENSUAL”

O solicitante usará o servizo durante tódolos días lectivos do curso escolar,

- Neno/a empadroado no Concello de Cortegada: 20 euros/mes.
- No caso de dous irmáns empadroados no Concello de Cortegada: 30 euros mes por familia.

- Neno/a non empadroado no concello de Cortegada: 30 euros/mes.
- No caso de dous irmáns non empadroados no Concello de Cortegada: 40 euros mes por familia.

- No caso de familias numerosas (empadroados ou non): o servizo será gratuito.

O pago realizarase dentro dos 10 primeiros días do mes de prestación do servizo.

2. OPCIÓN 2. OPCIÓN “ESPORÁDICO”

Neste caso o pai, nai ou titor legal pode facer uso do servizo, no suposto de que por circunstancias eventuais precise deixar ao neno ou nena ao coidado do servizo do Plan Madruga.

Este suposto será posible sempre e cando haxa prazas baleiras no grupo.

Neste caso débese solicitar perante o concello a lo menos un día antes con carácter xeral, sen perxuízo da utilización do servizo sin preaviso en aqueles casos que xustificadamente o soliciten as familias.

Prezo: 3 euros/día

Neste caso, debe o pagamento do servizo realizarase durante os cinco primeiros días do mes seguinte, recollendo a correspondente liquidación no Concello de Cortegada.

Art. 5 Prazo de solicitude

Concello de Cortegada

Rúa Otero Novas, 2, Cortegada. 32200 (Ourense). Tfno. 988 483 001. Fax: 988 099 021



O prazo de solicitude será do 13 ao 16 de setembro de 2024.

Poderán formalizarse solicitudes o longo do curso escolar 24/25 e ata o 31 de maio de 2025.

No caso de que houberse praza vacante, asignarase no prazo máximo de 15 días hábiles.

A solicitude entenderase efectuada para o curso completo, se ben poderán solicitar a baixa do mesmo, cun mínimo dun mes de antelación.

Art. 6 Solicitudes

As solicitudes realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Cortegada ou presencialmente nas oficinas do Concello, así como por calquera medio establecido legalmente.

Debe presentar a seguinte documentación:

- SOLICITUDE
- DNI nai/pai/titor.
- TARXETA SEGURIDADE SOCIAL (neno/a).
- INFORME MÉDICO DO NENO/A (só en caso de alerxia/intolerancia e/ou algunha outra enfermidade que se deba ter en conta).

De ser o caso solicitarase a documentación complementaria que se detalla a continuación:

- COPIA DE CONTRATO/S LABORAL/IS.
- CERTIFICADO DE EMPRESA DO HORARIO LABORAL.
- CERTIFICADO DE DISCAPACIDADE DO NENO/A SE FORA O CASO.
- XUSTIFICANTE DE UNIDADE FAMILIA CON INGRESOS INFERIORES Ó SMI, xustificarse mediante: a presentación das últimas nóminas, declaración de IRPF do último exercicio, pensións da Seguridade Social, subsidio de desemprego, ou calquera outra prestación pública.
- No caso de separación/divorcio acreditar a garda e custodia con documentación xustificativa.
- Calquera outra documentación que xustificadamente sexa requerida polo Concello de Cortegada

Art. 7 Baixas

Causarase baixa por algunha das seguintes causas:

- 1.- Por solicitude dos pais, nais ou titores/as.
- 2.- De oficio, polo Concello, en caso de concorrer as seguintes causas:
 - Impago da cota establecida.
 - Comprobación da falsidade nos datos declarados ou nos documentos aportados.



- Incumprimento reiterado das normas establecidas.
- Entorpecer, obstaculizar ou impedir a correcta prestación do servizo.

Art. 8. Normas básicas.

-A entrada terá lugar pola porta principal do centro. O pai/nai ou tutor acompañará ao neno ou nena ata a porta e alí será recollido polo/a monitor/a, quen acompañará ao mesmo ata a aula habilitada.

-A entrada será ás 08:10 horas.

-Unha vez rematado o servizo, ás 10:10, o monitor acompañará aos nenos ata a porta da aula, onde a profesora de será a encargada de recollelos.

- Aspectos médicos.

1.- Non se prestará o servizo, cando os nenos se atopen enfermos e por parte do médico de familia ou especialista non se informe sobre a posibilidade de asistencia ao Centro.

2.- No suposto de enfermar no Centro, avisarase para que o menor sexa recollido á maior brevidade posible por algún dos seus pais ou tutores ou por persoa autorizada ao efecto por éstos.

3.- Si os nenos deben tomar alguna medicación, ou tratamento continuado, serán os pais, nais, tutores ou, persoa autorizada ao efecto por éstos quen subministre a mesma aos nenos ou nenas.

4.- Sen perxuízo do disposto no parágrafo anterior, os pais, nais, tutores ou representantes legais deberán poñer en coñecemento do Servizo calquera dato ou circunstancia que resulte de interese para o cuidado do menor.

O Alcalde

Avelino Luis de Francisco Martínez

